

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMG10I22K	Expediente CON/32/2016	Fecha 25-11-16 14:21

Número 90.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato das obras do proxecto de modernización das instalacións do alumeado público en Busto, Figueiras, A Gracia e outras, incluído na 4ª fase do Plan de Acción Social (PAS).

Destinatario

15078DCMG10I22KS



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 90 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DO PROXECTO DE MODERNIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO EN BUSTO, FIGUEIRAS, A GRACIA E OUTRAS, INCLUÍDO NA 4ª FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 22 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe con observación de Intervención, nº 2016/754 de data 24.11.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Execución das obras do proxecto de modernización das instalacións do alumeado público en: Busto, Figueiras, A Gracia e outras (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS))", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22K	<i>Expediente</i> CON/32/2016	<i>Fecha</i> 25-11-16 14:21

Primeiro: Con data 3 de novembro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador COPCISA SA.

Segundo: Con data 22 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL e MANUEL NOVOA CASTRO SLU por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa JAVI-LUZ ELECTRICIDAD SL por atoparse en situación de debedora de distintas obrigas económicas e tributarias con este Concello.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **COPCISA SA** (CIF: A08190696), por un importe de **54.733,11 euros** (IVE aparte 21%: 11.493,95 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 16500 61900, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22K	<i>Expediente</i> CON/32/2016	<i>Fecha</i> 25-11-16 14:21

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL e MANUEL NOVOA CASTRO SLU por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa JAVI-LUZ ELECTRICIDAD SL por atoparse en situación de debedora de distintas obrigas económicas e tributarias con este Concello.

TERCEIRO: Adjudicar o contrato de referencia a favor da empresa **COPCISA SA**, (CIF: A08190696), por un importe de **54.733,11 euros** (IVE aparte 21%: 11.493,95 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 16500 61900**, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández